

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Xa caeron todas as follas das árbores
que o vento axitou coa túa presenza.

Viñeras a min na mañá dun devezo
como a cadencia leda dunha cantiga
que vai quedando en ún pouco e pouco.
Viñeras a min penetrada de distancias
como unha promesa de amor
que alguén esquecera no devalar das ondas...

Viñeras a min a ser esta tristura,
a ser esta espiral no tempo longo
que me repite a túa morte
-máis e máis distantena
que es un espello nido,
baleiro por sempre da túa imaxe.

Viñeras, ai amor, a te perder en min
mainamente irremediábel
como no teu camiño derradeiro.

De Ao pé de cada hora (1967)

